2.2.1	<p><b>Ampliamos os nosos coñecementos sobre a imaxe iniciandonos no mundo da semiótica</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Definimos e diferenciamos entre símbolo, signo, icono e señal</li> <li>- Buscamos exemplos para explicar cada término.</li> <li>- Introducimonos ,tamén, no imaxinario da cultura "pop"</li> </ul>	<p>Metodoloxia simbólica ou verbalística para explicar, guiar e presentar os alumnos os conceptos complementando con exemplos gráficos e visuais intentando motivar e servir de apoio para asimilar conceptos e comprender procesos e técnicas.</p> <p>Medios audiovisuais e textuais</p>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Análise do traballo recopilatorio e de experimentación no block ou portfolio do alumno</li> <li>-Conceptos, ideas, vocabulario e procedementos a avaliar en <b>exame</b></li> </ul>



EA	Actividades	Metodoloxía e recursos necesarios	Temporal.	Proced./instrum. de avaliación
2.5.2	<p><b>Elaboramos unha portada de periódico (noticiero do “noso mundo” creado xa o inicio do curso)</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Personificación deles mesmos nun superheroe ( poderían ter poderes dun animal que xa estudaran en ciencias naturais e así contribuir cun traballo común o proxecto “Unidos pola Natureza”)</li> <li>- Importante combinar ben a imaxe e o texto e facer unha adecuada secuencialización</li> <li>- Empregaremos recursos dixitais: Photoshop, Comicsans, Word...</li> <li>- Deseñaremos unha estética pop chea de iconos, símbolos e signos para completar a información da noticia da portada</li> </ul>	<p>Metodoloxia activa ,heurística e interdisciplinar presentando elementos para que o alumno descubra por si mesmo e experimente posibilidades artísticas.</p> <p>Experimentación, creatividade e posta en práctica do aprendido</p> <p>Recursos audiovisuais e o block</p> <p>Exposición na web e no centro</p>	8	

**16 sesións**



#### 4.10 CONCRECIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### RÚBRICA DE PROXECTOS TÉCNICO-ARTÍSTICOS

	ÓPTIMO	BEN	ACEPTABLE	INSUFICIENTE
TÉCNICA E PROCEDEMENTOS	<p>Aplica con moita precisión e rigor os procedementos técnico-gráficos na resolución de problemas e nos desenrol dos proxectos plantexados.</p> <p>Traza, representa e constrúe o que é necesario acadando un nivel moi alto de destreza e dominio das ferramentas e os mecanismos construtivos</p>	<p>Aplica con precisión os procedementos técnico-gráficos na resolución de problemas e desenrol dos proxectos.</p> <p>Traza, representa e constrúe o que necesita acadando un nivel alto de destreza e dominio das ferramentas e os mecanismos construtivos</p>	<p>Aplica con dúbidas e pouca seguridade os procedementos técnico-gráficos na resolución de problemas e cóstalle desenrolar ideas de proxectos</p> <p>Traza, representa e constrúe o que se lle pide con bastante dificultade amosando un regular uso das ferramentas e pouca seguridade na práctica dos mecanismos construtivos</p>	<p>Aplica a través de pautas de repetición e moi guiado polo profesor os procedementos técnico-gráficos pero non consegue resolver problemas sen erros e non é que de plantexar ideas persoais para os proxectos.</p> <p>Traza, representa e constrúe de maneira mecánica certos procedementos construtivos con moita dificultade e sen acabar de empregar ben as ferramentas e os conceptos construtivos</p>
PLASTIDADE E ACABADO	<p>Consigue aplicar unha terminación a nivel tonal, cromático, limpeza, equilibrio, intensidade, uso de técnicas variadas, totalmente adaptada os requisitos pedidos e traballados, moi ben aplicada e axeitada correctamente a creación feita, sendo capaz de engadir valor o traballo</p>	<p>Consigue aplicar unha terminación a nivel tonal, cromático, limpeza, equilibrio, intensidade, uso de técnicas variadas, adaptada os requisitos pedidos e traballados, ben aplicada e axeitada a creación feita, sendo capaz de engadir valor o traballo</p>	<p>Consigue aplicar unha terminación Minimamente adaptada os requisitos pedidos e traballados, aplicada con dificultade a creación feita, e que engade certo valor o traballo</p>	<p>Consigue con moita axuda aplicar unha terminación escasamente adaptada os requisitos pedidos, aplicada con moitísima dificultade a creación feita, e que resta valor o traballo</p>



<b>ORGANIZACIÓN , ESTRATEXIAS E HABILIDADES CREATIVAS</b>	Experimenta con interese cos procedementos e os materiais empregando adecuadamente os recursos de que dispoñe, adquirindo as habilidades necesarias para conseguir organizar moi ben o seu traballo, secuenciando e acadando obxectivos paulatinamente e crescendo no aprendizaxe co avance do traballo	Experimenta cos procedementos e os materiais empregando os recursos de que dispoñe, adquirindo as habilidades necesarias para conseguir organizar ben o seu traballo, secuenciando e acadando obxectivos paulatinamente e crescendo no aprendizaxe co avance do traballo	Experimenta pouco cos procedementos e os materiais e consegue organizar o seu traballo e acadar minimamente os obxectivos con moita axuda do profesor . Cóstalle crecer no aprendizaxe porque ten un avance pouco fluído no traballo	Experimenta moi escasamente cos procedementos e os materiais e non consegue organizar o seu traballo e acadar minimamente os obxectivos nin sequera coa axuda do profesor . Non e capaz de crecer no aprendizaxe
<b>ADECUACIÓN DO RESULTADO FINAL COA PROPOSTA PEDIDA</b>	Analiza, identifica e distingue claramente os elementos dos que parte nas propostas, reconece cal é a meta a acadar e consegue explicar e xustificar(coa terminoloxía e a metodoloxía adecuada) o proceso levado a cabo para conseguir perfectamente o fin pedido. Ten a capacidade de valorar o proceso de aprendizaxe, a práctica creativa e construtiva e autoavaliar o resultado final obtido	Analiza, identifica e distingue os elementos dos que parte nas propostas, reconece cal é a meta a acadar e consegue explicar e xustificar(coa terminoloxía e a metodoloxía adecuada) o proceso levado a cabo para conseguir o fin pedido. Ten a capacidade de valorar o proceso de aprendizaxe, a práctica creativa e construtiva e autoavaliar o resultado final obtido	Analiza, identifica e distingue con dificultade e reiteradas explicacións os elementos dos que parte nas propostas e consegue con certa axuda explicar e xustificar(coa terminoloxía e a metodoloxía adecuada) o proceso levado a cabo para conseguir o fin pedido. Aprecíase unha escasa capacidade de valorar o proceso de aprendizaxe, a práctica creativa e construtiva e autoavaliar o resultado final obtido	Non e capaz de analizar, identificar e distinguir os elementos dos que parte nas propostas e tampouco de explicar e xustificar(coa terminoloxía e a metodoloxía adecuada) o proceso que debe levar a cabo para conseguir o fin pedido. Non é quen de valorar o proceso de aprendizaxe, a práctica creativa e construtiva e de autoavaliar o traballo
<b>ESFORZO E ACTITUDE DE INTERESE</b>	Amosa una gran actitude participativa, cumpre co material requerido e cos prazos de entrega. Respecta o traballo dos demais e sempre ten capacidade de superación na aula.	Amosa unha actitude participativa, cumpre co material requerido e cos prazos de entrega. Respecta o traballo dos demais e ten capacidade de superación na aula.	Amosa certo grao de participación, cumpre minimamente co material requerido e executa o traballo moitas veces fora dos prazos de entrega. Non amosa un gran interese polo traballo dos demais e non	Amosa certo grao de participación, cumpre minimamente co material requerido e executa o traballo moitas veces fora dos prazos de entrega. Non amosa un gran interese polo traballo dos demais e non ten capacidade de superación por si mesmo.



ten capacidade de superación  
por si mesmo.

## ESCALA DE **OBSERVACIÓN** NAS EXPOSICIÓNS E PARTICIPACIÓNS

	Nivel 4	Nivel 3	Nivel 2	Nivel 1
<b>EXPRESIÓN E DOMINIO DAS IDEAS</b>	Identifica e clasifica imaxes, textos e diferentes elementos para expresar claramente as ideas que pretende transmitir xa que son de interese e a selección e o uso teñen unha intención clara	Identifica e clasifica imaxes, textos e diferentes elementos para expresar as ideas que pretende transmitir	As imaxes, os textos e os diferentes elementos empregados expresan, en parte, algunha das ideas que se pretenden comunicar	As imaxes, os textos e os diferentes elementos empregados non expresan con claridade ideas que se pretenden comunicar
<b>ORIXINALIDADE</b>	Analiza e selecciona medios, técnicas, imaxes ou outros elementos que consiguen acadar a atención por sí mesmos ou pola súa maneira singular de expoñer ou transmitir conceptos, ideas	Analiza e selecciona medios, técnicas, imaxes ou outros elementos que consiguen acadar a atención por sí mesmos	Empréganse algúns medios ou imaxes creativas pero outros elementos son de pouco impacto	Mostra pouca orixinalidade e se limita a empregar medios, técnicas, imaxes e elementos repetitivos ou usados noutros traballos ou exemplos
<b>PRESENTACIÓN</b>	Valora a organización e a exposición ou posta a punto clara das ideas estruturándoas dunha maneira adecuadamente	Fai unha exposición ou posta a punto clara das ideas estruturándoas dunha maneira ordenada	A presentación podería mellorar en canto a estrutura e orde dos elementos empregados	Toda a presentación e insuficiente e claramente mellorable



ordenada para a  
intención buscada

## 5 ADECUACIÓN AO CURRÍCULO, RELACIÓN E ORGANIZACIÓN DOS ESTÁNDARES, MÍNIMOS ESIXIBLES

Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD 1	SD 2	SD 3	SD 4	SD 5	SD 6	SD 7	SD 8	SD 9	TRIMESTRE
EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCEC	Escala de observación nas exposicións e participacións		X			X					1º E 2º TRIMESTRE
EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Escala de observación nas exposicións e participacións	X									1º TRIMESTRE
EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSIEE	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos					X					2º TRIMESTRE
EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCEC	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos					X					2º TRIMESTRE





Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD 1	SD 2	SD 3	SD 4	SD 5	SD 6	SD 7	SD 8	SD 9	TRIMESTRE
EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Definido na <b>Rúbrica</b> de proxectos técnico-artísticos					X					2º TRIMESTRE
EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Escala de <b>observación</b> nas exposicións e participacións					X					2º TRIMESTRE
EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSIEE	Definido na <b>Rúbrica</b> de proxectos técnico-artísticos	X				X					1º E 2º TRIMESTRE
EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSIEE	Definido na <b>Rúbrica</b> de proxectos técnico-artísticos							X			3º TRIMESTRE
EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCEC	Definido na <b>Rúbrica</b> de proxectos técnico-artísticos					X					2º TRIMESTRE
EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSC	Definido na <b>Rúbrica</b> de proxectos técnico-artísticos								X		3º TRIMESTRE
EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSIEE	Definido na <b>Rúbrica</b> de proxectos técnico-artísticos					X					2º TRIMESTRE



Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	TRIMESTRE
			1	2	3	4	5	6	7	8	9		
EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos			X				X		X		TODOS OS TRIMESTRES
EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSC	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos								X			3º TRIMESTRE
EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCEC	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos						X			X		2º E 3º TRIMESTRE
EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos			X								1º TRIMESTRE
EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSC	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos	X										1º TRIMESTRE
EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	CSC	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular							X				2º TRIMESTRE
EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSC	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular						X	X		X		2º E 3º TRIMESTRE



Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD 1	SD 2	SD 3	SD 4	SD 5	SD 6	SD 7	SD 8	SD 9	TRIMESTRE
EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Escala de observación nas exposicións e participacións	X									1º TRIMESTRE
EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Escala de observación nas exposicións e participacións	X									1º TRIMESTRE
EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSIEE	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos						X				2º TRIMESTRE
EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Escala de observación nas exposicións e participacións									X	3º TRIMESTRE
EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSIEE	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos									X	3º TRIMESTRE
EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Escala de observación nas exposicións e participacións									X	3º TRIMESTRE
EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSC	Escala de observación nas exposicións e participacións	X									1º TRIMESTRE
EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Escala de observación nas exposicións e participacións	X									1º TRIMESTRE
EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CD	Escala de observación nas exposicións e participacións	X								X	1º E 3º TRIMESTRE
EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos		X								1º TRIMESTRE



Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD 1	SD 2	SD 3	SD 4	SD 5	SD 6	SD 7	SD 8	SD 9	TRIMESTRE
EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos		X								1º TRIMESTRE
EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos				X						2º TRIMESTRE
EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos				X						2º TRIMESTRE
EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSIEE	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos		X		X						1º E 2º TRIMESTRE
EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos				X						2º TRIMESTRE
EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos		X								1º TRIMESTRE
EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos		X								1º TRIMESTRE
EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos		X								1º TRIMESTRE



Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD 1	SD 2	SD 3	SD 4	SD 5	SD 6	SD 7	SD 8	SD 9	TRIMESTRE
EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos		X								1º TRIMESTRE
EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos			X							1º TRIMESTRE
EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Escala de observación nas exposicións e participacións				X						2º TRIMESTRE
EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCEC	Escala de observación nas exposicións e participacións							X			3º TRIMESTRE
EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos							X			3º TRIMESTRE
EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSIEE	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos							X			3º TRIMESTRE
EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos							X			3º TRIMESTRE
EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	ESPECÍFICO DE	Escala de observación nas exposicións e participacións							X			3º TRIMESTRE




Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	TRIMESTRE
			1	2	3	4	5	6	7	8	9		
	ÁREA/CCEC												
EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos									X		3º TRIMESTRE
EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCEC	Escala de observación nas exposicións e participacións									X		3º TRIMESTRE
EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Definido na Rúbrica de proxectos técnico-artísticos									X		3º TRIMESTRE



## 6 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na táboa debes indicar as porcentaxes que aparecen nas gráficas de xeito que quede claro como se calcula a nota en cada avaliación.



A ponderación da nota na 1ª avaliación será:

Competencia	Instrumentos de avaliación utilizados	Coefficiente de ponderación
Contidos específicos da área		Calificación x 1
CALIFICACIÓN TOTAL=		SUMA TOTAL DAS CELAS

A ponderación da nota na 2ª avaliación será:

Competencia	Instrumentos de avaliación utilizados	Coefficiente de ponderación
Contidos específicos da área		Calificación x 0,89
CSC		Calificación x 0,11
CALIFICACIÓN TOTAL=		SUMA TOTAL DAS CELAS

A ponderación da nota na 3ª avaliación será:

Competencia	Instrumentos de avaliación utilizados	Coefficiente de ponderación
Contidos específicos da área		Calificación x 0,94
CSC		Calificación x 0,06
CALIFICACIÓN TOTAL=		SUMA TOTAL DAS CELAS


A ponderación da nota na avaliación ordinaria será:

Competencia	Instrumentos de avaliación utilizados	Coefficiente de ponderación
Contidos específicos da área		Calificación x 0,96



CSC		Calificación x 0,04
CALIFICACIÓN TOTAL=		SUMA TOTAL DAS CELAS

## 7 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE: PERFIL DE ÁREA



## 8 AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nos primeiros días do curso sempre hai un retomar dos contidos e procedementos anteriores e da mesma forma, un volver a achegar o vocabulario propio e a maneira de analizar e pensar nesta área e así deixalo reflectido nunha proba de carácter meramente informativa para adaptar o inicio do curso os requisitos dunha maioría da aula e detectar problemas, máis a nivel individual, de comprensión ou de saber ver ou facer problemas básicos da material Esta proba pode incluso durar dúas sesións si valoramos conceptos de creatividade, deseño, presentación.... E considero moi positivo comentar os resultados na aula e expoñer na pantalla da clase aquelas cuestións que necesitamos aclarar ou poñer en valor resultados bos ou creativos e que participen no análise dos exercicios expostos e suxiran actuacións novas ou comparativas para contrastar resultados.... e entre todos retomar a material e asentando bases para iniciar o traballo do curso establecendo, tamén, unha dinámica de cooperación e diálogo moi necesaria para avanzar durante o ano.

No caso de detectarse problemas graves de comprensión, procedementos ou resolución na materia en casos particulares adaptaría contidos e os niveis de resolucións dos exercicios tendo un control máis permanente nesos alumnos ata que consigamos acadar adecuadamente o nivel da aula. Se os casos son produto de diferentes problemáticas(médicas, sociais, familiares...)consultaría co departamento de orientación do centro para concretar a dinámica a seguir con estes alumnos na aula





## 9 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito de que o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria presente características individuais en canto a capacidade, interese, necesidades e motivación será calibrado non só na planificación do proceso de ensino senón tamén no desenvolvemento da avaliación.

A programación desenvolvida polo departamento ten en conta que non tódolos alumnos e alumnas adquiren ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados, polo que se ofrecerán as oportunidades necesarias para reforzar ou ampliar con diferentes actividades. Por outra banda, ó establecerse o proceso de ensino dun xeito cíclico, procurarase o retorno ós conceptos básicos tratados con anterioridade. Así mesmo, o feito de tratar os distintos campos da plástica e do debuxo, permite que cada alumno ou alumna poida afondar naqueles aspectos nos que ten mellor aptitude ou maior interese.

A atención a diversidade está contemplada na metodoloxía, seguindo os criterios xa expostos e nas estratexias didácticas concretas que se aplicarán na aula. Estas estratexias afectan fundamentalmente ao ensino dos conceptos e dos diferentes niveis de dificultade na proposta de actividades

En canto a aprendizaxe de conceptos, realizarase a partir de imaxes concretas e de experiencias sinxelas que se poidan ter na aula. Isto permite respectar as diferenzas individuais por medio da expresión do proceso didáctico que mellor se acomode a cada alumno/a.

En canto as formas de expresión realizadas a través das propostas de actividades, ábrese toda unha gama de posibilidades onde se estimará especialmente a imaxinación, a creatividade e o goce estético, deste xeito procurase que o alumno empregue as canles expresivas que lle resulten máis naturais.

O deseño que se presenta trata de ser o suficientemente flexible para propoñer un ensino o máis individualizado posible. Para iso contempla dende diversos ángulos, a posibilidade de atender aos distintos niveis e circunstancias que poden presentarse nun mesmo grupo. Devanditos aspectos serán fundamentalmente catro:

-Atención á programación. A programación está deseñada para asegurar un nivel mínimo para todos os alumnos ao final da etapa, prestando oportunidades para recuperar o non adquirido.

-Actividades diferenciadas. En cada unidade didáctica se prevé a realización de actividades con diferente grao de dificultade. Casi tódalas actividades propostas poderán ter diferentes niveis de dificultade que o propio profesor determinará en cada caso en base as capacidades do alumno e do grupo. O alumno tamén pode tomar a decisión en canto ao nivel resolutivo a realizar aumentando a súa motivación.

-Metodoloxías diversas. A metodoloxía será activa e creativa, nunca repetitiva nin imitativa. Terase en conta o punto de partida de cada alumno/a, establecido na avaliación inicial, as súas dificultades específicas e as súas necesidades de comunicación.

-Diferentes agrupamentos de alumnos. Hai certo tipo de actividades, como as relativas a procura ou á investigación que poden facerse máis interesantes feitas en grupo porque facilita a comunicación entre eles co conseguinte enriquecemento conceptual e humano. No desenvolvemento do curso empregaranse diferentes técnicas de agrupamento co obxectivo de buscar non só a aprendizaxe dos contidos escolares senon a socialización dos alumnos, a cooperación e o traballo en equipo. Ao mesmo tempo os



agrupamentos pretenden favorecer o feito de que os alumnos/as aprendan a aceptarse mutuamente, a cooperar, a coavaliar, a respeitar... mellorando o desenvolvemento intelectual e afectivo dos estudantes.

No caso de alumnos con especial dificultade o profesor levará a cabo as medidas de reforzo educativo que sexan necesarias e cando éstas sexan moi significativas farase en total coordinación co Departamento de Orientación.

## **10 ACTIVIDADES DE REFORZO E DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

Tanto os alumnos de reforzo ,como os que teñan que recuperar nalgún momento a asignatura ou os repetidores disporán da axuda do profesor nas horas de permanencia no centro e nos recreos para consultar dudas, correxir exercicios ou asesoralos no avance da materia. Se o profesor consider que o alumno/a necesita novos exercicios ou propostas de traballo poden ser fixados para conseguir acadar os obxectivos do ano , ao igual que se é o alumno quen llo require o profesor para reforzar calquer tipo de concepto ou procedemento que él pense que necesita mellorar ou simplemente practicar.

Este departamento proporá unha serie de traballos, proxectos e actividades que axuden o alumno coa materia pendente a acadar as competencias en base os estándares xa apuntados e prepararse para unha proba avaliadora fixada en Maio, ou no caso de que ésta non fose superada habería outra en Setembro. En cuanto os criterios cualificadores destacar que nestes alumnos valorarase moito o traballo de reforzo que fagan o longo do ano e que se lles avaliara para facer unha nota conxunta dese traballo (40%) e da nota do exame (60%). Na planificación desta proba se terá moi en conta todo o que o alumno traballou no material de apoio fixado para facilitar a súa execución

Aos alumnos repetidores fareilles participe, en todo momento, dos resultados do seu traballo, participación e interese... para que teñan moi presente onde van mellorando e aquilo que máis lles custa para que non retornemos a dinámica do ano pasado pola cal, maioritariamente, acadaron uns resultados inadecuados. Manterase contacto coa familia a atraves da axenda escolar e a a plicación tokapp schooll para mantelos informados e que non se leven sorpresas e, o mesmo tempo, poidan axudar a correxir malas dinámicas de traballo na casa, ou a organizar o estudo e apoiar nas actividades da escola en xeral.

## **11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

En principio o departamento non propón ningunha saída do centro pero participa activamente colaborando coa directive e os diferentes departamentos en tódalas actividades que propoñan e que poidan ter moi variados fins didácticos (Halloween, magosto, violencia xénero, nadal, dereitos do neon, día da paz, día das letras galegas...) e que poidan enmarcarse dentro dun traballo ou experiencia plastic-técnico-artístico.

O departamento está aberto acalquera tipo de acto, exposición, representación , coloquio.... Que teña que ver co feito artístico e , para ello, o departamento consulta ofertas culturais de museos cercanos ou fundacións, así como, contactos con diferentes gabinetes didáctico para estar informado sobre diferentes talleres ou actividades que poidan favorecer ou completar o aprendizaxe e a formación do alumnado na educación plastic e visual.



Aproveitando as saídas doutros departamentos, ou as excursions de fin de ciclo, comentanse directrices cos compañeiros que os levan, e cos mesmos alumnus, de feitos ou cousas as que deberían prestart atención cara a fomentar un interese dentro do campo artístico. A xefa deste departamento tamen está disposta a ir de excursión ou saída puntual cos alumnus apoian os demais departamentos e participando na organización da actividade para favorecer e ampliar a oferta cultural sempre buscando o punto de vista onde se favorezcan os valores didácticos máis plásticos.

Reseñase a posibilidade de saír con eles o seu contorno máis preto (Mosteiro-Meis) para analízalo, xa sexa para traballar nun contexto de percepción do espazo a través da fotografía, o debuxo, a pintura, a representación gráfico-técnica ou atender a aspectos conceptuales e puramente creativos de adquisición de ideas.

Por suposto, o departamento prestará atención, tamén, aos intereses, xerais e particulares, dos alumnos no que compete o aprendizaxe plástico-visual. Interesame resaltar a posibilidade de presentar traballos a concursos didácticos para que o alumnado poida ver outra fase do proxecto artístico, exposicións, catálogos, uso das súas imaxes for a do contexto escolar....

## 12 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

En primeiro lugar cómpre indicar que a programación didáctica do curso chegará ao alumnado e ás familias a través de dous medios:

1. Os profesores lerán ou entregaranlle a cada alumno/a ao principio de curso un guión cos puntos esenciais da programación: contidos mínimos, mínimos esixibles, rúbricas xerais, materiais didácticos e medios de recuperación.
2. A programación estará a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro. Por outra banda, a programación será obxecto de avaliación e poderá sufrir algunha variación en beneficio do proceso educativo e con vistas á mellor consecución dos obxectivos, previa análise do departamento, que tratarán os aspectos relativos á docencia do alumnado. Tales modificacións, debidamente xustificadas, **deberán figurar nunha acta de departamento e recolleranse na memoria final de curso.**
3. Os instrumentos de avaliación de estándares transversais están na concreción curricular, a disposición da comunidade educativa na nosa web.

A avaliación da programación farase a través dos indicadores de logro que avalían o proceso de ensino e a práctica docente. A análise disto e dos resultados académicos, realizada nas **reunións de departamento** ao longo do curso e cuxo contido quedará reflectido no libro de actas do departamento, pode supoñer a modificación de aspectos da programación, tanto a nivel de obxectivos, como de recursos ou metodoloxía procurando sempre aportar cambios que supoñan unha mellora.

Para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos dispoñemos da ferramenta seguinte, no que 4 é a cualificación máis alto e 1 a máis baixa:



<b>INDICADORES DE LOGRO</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>Observación dos aspectos a mellorar</b>
A distribución temporal das actividades axustouse á previsión					
Respectouse a metodoloxía didáctica programada					
O grao mínimo de consecución dos estándares guiaron as decisións de aprobar a materia					
Aplicamos os procedementos e instrumentos de avaliación programados					
Axustámonos aos criterios de cualificación					
Aplicamos, na medida do posible, as medidas de atención á diversidade necesarias					
Fixemos un correcto seguimento do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores					
Aplicamos medidas de reforzo educativo dirixidas a alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe					
Empregamos os materiais e recursos didácticos programados					
Realizamos as actividades complementarias e extraescolares programadas					

No Mosteiro a 20/11/2017

A xefa do departamento